

2014. “O Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela: 1840-2011”

Esta exposición presentase con motivo da inauguración do novo museo no Parque de Vista Alegre, para lembrar as anteriores etapas da súa historia; desde a súa orixe en 1840 como Gabinete de Historia Natural, ata 2011 cando se pechan as dependencias que ocupaba na Fac. de Química e se inicia a súa total remodelación e modernización. Os derradeiros anos quedan reflectidos nun vídeo explicativo do desenvolvemento da construción do edificio que alberga na actualidade ao museo e da montaxe das novas salas. Como complemento, móstranse exemplares dalgunhas das coleccións mais antigas e outras das doazóns mais recentes.

